



# Día das Letras Galegas

---


17 de maio de 2016



# Cuestionario inicial

---


1. **Por que se celebra o 17 de maio o Día das Letras Galegas?**
2. **Cando e quen iniciou esta conmemoración? En que período histórico se encadra?**
3. **Quen foi a primeira figura homenaxeada? E a segunda?**
4. **Quen pode ser escollido autor do Día das Letras Galegas? Hai que ser galego?**
5. **É posible que un ano se dedica a celebrar máis dun autor? Sabes algún exemplo?**
6. **A quen se dedica este ano?**
7. **Que outros autores coñeces que recibiran esta distinción?**




Poesía



1963



1964



Ensaio



REAL  
ACADEMIA  
GALEGA



# Rosalía de Castro

---

Adios, ríos; adios, fontes;  
adios, regatos pequenos;  
adios, vista dos meus ollos:  
non sei cando nos veremos.

Miña terra, miña terra,  
terra donde me eu criei,  
hortiña que quero tanto,  
figueiriñas que prantei,

prados, ríos, arboredas,  
pinares que move o vento,  
paxariños piadores,  
casiña do meu contento,

muíño dos castañares,  
noites craras de luar,  
campaniñas trimbadoras  
da igrexiña do lugar,

amoriñas das silveiras  
que eu lle daba ó meu amor,  
camiñiños antre o millo,  
¡adios, para sempre adios!

¡Adios gloria! ¡Adios contento!  
¡Deixo a casa onde nacín,  
deixo a aldea que conozo  
por un mundo que non vin!

Deixo amigos por estraños,  
deixo a veiga polo mar,  
deixo, en fin, canto ben quero  
¡Quen puidera non deixar!

## Crítica contra a emigración



# Castelao

---

A variedade de idiomas, coa súa variedade de culturas, é o signo distintivo da nosa especie, o que nos fai superiores aos animais. Velaí vai a demostración: un can de Turquía ouvea igual que un can de Dinamarca; un cabalo das Pampas arxentinas rincha igual que un cabalo de Bretaña. E sabedes por que? Porque os pobres animais aínda están no idioma universal...

-----

O galego é a forma máis antiga das linguas neolatinas de Hespaña e a primeira que alcanzou un pleno desenvolvemento literario.

-----

A dominación de Galiza endexamais será efectiva entrementras fale un idioma diferente do castelán.

1998



Martín Codax,  
Mendiño e  
Xoán de Cangas

Trobadores do  
Reino de Galicia

2002



Martín Sarmiento,  
nado en León



# Martín Codax

---


Ondas do mar de Vigo,  
se vistes meu amigo?  
E ai Deus, se verrá cedo!

Ondas do mar levado,  
se vistes meu amado?  
E ai Deus, se verrá cedo!

Se vistes o meu amigo  
o por que eu sospiro?  
E ai Deus, se verrá cedo!

Se vistes meu amado,  
por que ei gran coidado?  
E ai Deus, se verra cedo!

2016



Manuel María



1965



Pondal

1967



Curros  
Enríquez

1976




Ramón  
Cabanillas

1979



Manuel  
Antonio

1989




Celso  
Emilio  
Ferreiro

2011



Lois  
Pereiro



# PANORÁMICA DA LINGUA E LITERATURA GALEGA

IX

XIII


XV

XVIII

XIX

XX

XXI



ESPLENDOR MEDIEVAL



REXURDIMENTO (Rosalía)



NACIONALISMO (Castelao)



NORMALIZACIÓN...



Nacemento do galego

Tradición oral primixenia

SÉCULOS ESCUROS

Tradición oral

ILUSTRACIÓN (Martín Sarmiento)



Precursores (Provincialismo)

FRANQUISMO (bilingüismo)



Desruralización

Exilio e Resistencia